



# Concello de **OURENSE**

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza de San Martiño, nº 2 -1

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333

e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**Mesa de Contratación.** Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)  
Gonzalo Alonso Álvarez (vocal Intervención)  
Juan Ramón Costas Núñez (vocal Asesoría xurídica)  
José Javier Rivera Martínez (vocal/secretario)

Previa convocatoria ao efecto, constitúese a Mesa de contratación ás 10:00 horas do 14/12/2023, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Apertura do arquivo electrónico tres, correspondente aos criterios de avaliación matemática e, no seu caso, adopción dos acordos que procedan, referente á seguinte licitación:

— CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO E CON MÚLTIPLES CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO, A EXECUCIÓN DAS OBRAS E A DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A CONSTRUCIÓN E URBANIZACIÓN DO DENOMINADO “PARQUE COTO DE CANEDO”, QUE INCLÚE ESPAZOS LIBRES, PARQUE PÚBLICO, APARCAMENTO PÚBLICO SOTERRADO, E PISCINA, SITUADO NO SU-32, ZONA 2 DO P.X.O.U. DE 1986, INTERIOR DA MAZÁ FORMADA POLAS RÚAS SAN ROSENDO, SAN FROILÁN, AVDA DAS CALDAS, AVDA. BASILIO ÁLVAREZ, VICTORIA KENT E JESÚS POUSA RODRÍGUEZ (Expte. nº 2022040924)

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

Por parte dos integrantes da Mesa procédese á apertura do arquivo electrónico tres, criterios de avaliación matemática, referente ao expediente para contratar por procedemento aberto e con múltiples criterios de adxudicación da redacción do proxecto, a execución das obras e a dirección facultativa para a construcción e urbanización do denominado “Parque Coto de Canedo”, que inclúe espazos libres, parque público, aparcamento público soterrado, e piscina, situado no SU-32, zona 2 do P.X.O.U. de 1986, interior da mazá formada polas rúas San Rosendo, San Froilán, avda. das Caldas, avda. Basilio Álvarez, Victoria Kent e Jesús Pousa Rodríguez (Expte. nº 2022040924), concluíndo o proceso de desencriptado do arquivo ás 10:18 horas, segundo consta na plataforma Vortal, sendo o contido da única proposición admitida nesta fase da licitación o seguinte:

Empresa: Petrolam Infraestructuras SL

Prezo sen IVE:	6.461.059,12 €
IVE:	1.356.822,42 €
Total:	7.817.881,54 €
Baixa:	1,79%

Detalle do prezo:

— Redacción do proxecto: 287.060,97 € más 60.282,80 € de IVE, dando un total de 347.343,77 €.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 6/2020.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:B62WDVR00EN7MIOY





— Execución da obra: 5.869.206,38 € más 1.232.533,34 € de IVE, dando un total de 7.101.739,72 €.

— Dirección facultativa: 304.791,77 € mais 64.006,28 € de IVE, dando un total de 368.798,05 €

2º. Ofrece a elaboración, desenvolvemento e entrega tanto do proxecto básico, como de execución e documentación de seguimento e finalización das obras en formato BIM, de acordo coa norma ISO 19650.

3º.- Se compromete a reducir nun mes o prazo de execución da FASE 1 (redacción do proxecto básico).

4º.- Se compromete a reducir nun mes o prazo de execución da FASE 2 (redacción do proxecto de execución).

5º.- Se compromete a reducir o prazo de execución da Fase III (execución das obras) no prazo de 5 meses.

6º.- Se compromete a aumentar o prazo obligatorio de garantía da obra nun prazo de 24 meses a maiores do establecido dun ano.

## AVALIACIÓN DA OFERTA

O artigo 8 do PCAP recolle os seguintes criterios de adxudicación de avaliación matemática:

PEmax= PE1+PE2+PE3+PE4 = 100 puntos.

PE1: Oferta económica:	60 puntos
PE2: Elaboración documental do proxecto e da obra en formato BIM	10 puntos
PE3: Reducción do prazo de ejecución	20 puntos
PE4: Ampliación do prazo de garantía	10 puntos

PE1: REDUCIÓN DO PREZO = 60 puntos

As puntuacións das ofertas económicas obteranse segundo s seguinte proceso:

### 1. Cálculo da baixa media Bm:

A baixa media Bm é a media aritmética das baixas Bi ofertadas por tódolos licitadores admitidos, expresada en porcentaxe sobre o orzamento de licitación.

Para o cálculo da baixa media, os efectos da súa avaliación económica, e no caso de presentación en distintas ofertas de empresas pertencentes a un mesmo grupo empresarial, tan só será considerada a mais económica entre as que se atopen neste suposto, por cada grupo empresarial.

### 2. Cálculo da baixa de referencia Br:

Determinarase a “desviación típica” das baixas ofertadas, obtida mediante a seguinte fórmula:

$$\sigma = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^N (Bi - Bm)^2}{N}}$$





Bm= media aritmética das baixas ofertadas

Bi = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación

N= número de ofertas de todos os licitadores admitidos

Entre todas as ofertas elixiranse aquelas con baixas comprendidas no intervalo da baixa media ± a desviación típica:

$$(Bm - \sigma) \leq Bi \leq (Bm + \sigma)$$

A baixa de referencia Br é a media aritmética das baixas Bi que cumpran a condición anterior.

### 3. Puntuación das ofertas económicas:

As puntuacións das ofertas económicas (POE) obterase segundo a seguinte fórmula, redondeándose o segundo decimal:

$$POE = 60 * (Bi / Be)^{1/10}$$

Sendo:

Bi = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación.

Be = Baixa da oferta mais económica de tódalas admitidas.

Para aplicar a antedita fórmula, entenderase por baixa dunha oferta, a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE incluído) e o importe da oferta correspondente (IVE incluído), expresado en tanto por cento.

Considérase como oferta más económica Be, a máis baixa das admitidas, sempre que supere o límite mínimo de puntuación técnica establecido e que no fora rexeitada por presentar valores anormalmente baixos.

A baixa de referencia Br, soamente calcularase unha vez e con respecto ao conxunto inicial das ofertas, independentemente daquelas que sexan rexeitadas con posterioridade por presentar valores anormalmente baixos.

A valoración económica final PE1i de cada oferta redondearase ao segundo decimal 2.

#### Ofertas anormalmente baixas:

Considerarase que están incursas en presunción de anormalidade aquelas proposicións cuxa baixa excede en 5 puntos porcentuais do valor da baixa de referencia (Br), calculada segundo os criterios de adxudicación.

**PE2: ELABORACIÓN DOCUMENTAL EN FORMATO BIM: 10 puntos.**

Puntuarase con 10 puntos aqueles licitadores que se comprometan á elaboración, desenrollo e entrega tanto do proxecto básico como do proxecto de execución e documentación de seguimento e finalización das obras en formato BIM de acordo coa norma ISO 19650 ou protocolo equivalente. Asemade de dito formato, a documentación tanto dos proxectos como das obras será entregada nos formatos definidos no Anexo A do PPT.





**PE3: REDUCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN: 20 puntos**

- Reducción prazo durante fase 1 (5 puntos) puntuarse con 5 puntos a redución do prazo nun mes.
- Reducción prazo durante fase 2 (5 puntos) puntuarse con 5 puntos a redución do prazo nun mes.
- Reducción prazo durante fase 3 (10 puntos) puntuarse con 2 puntos cada mes de redución do prazo de execución das obras ata un máximo de 5 meses.

**PE4: AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA = 10 puntos**

Puntuarse con 5 puntos por cada 12 meses de ampliación do prazo obligatorio de garantía da obra, ata un máximo de 24 meses para contratos de obras establecido no art. 243.3 da LCSP, non valorándose incrementos de prazo superiores nin inferiores.

O resultado da avaliación do sobre 3 (criterios de avaliación matemática) é o seguinte:

Licitadores	PE1	PE2	PE3	PE4	TOTAL
Petrolam Infraestructuras SL	60	10	20	10	100

Posto que a puntuación do sobre 3 (criterios disponibles mediante fórmula) pondera sobre o total un 55% o resultado global da avaliación coa ponderación indicada é o seguinte:

Nº	LICITADORES	Puntos sobre 2	Puntos sobre 3	Total puntos
1	Petrolam Infraestructuras SL	37,10	55,00	92,10

A oferta non se encontra en situación de baixa anormal.

**CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS POR ORDE DECRECENTE**

A competencia do órgano de contratación para a ordenación decrecente das ofertas e demais resolucións de trámite deste expediente corresponde ao Concelleiro coas competencias delegadas de contratación, de conformidade co apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP e o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias de 19/09/2023.

Á vista dos antecedentes anteriores, a Mesa de contratación acorda por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

“Primeiro.- Avaliar e clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación e os criterios de desempate previstos non prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto, a execución das obras e a dirección facultativa para a construcción e urbanización do denominado “Parque Coto de Canedo”, que inclúe espazos libres, parque público, aparcamento público soterrado, e piscina, situado no SU-32, zona 2 do P.X.O.U. de 1986, interior da mazá formada polas rúas San Rosendo, San Froilán, avda. das Caldas, avda. Basilio Álvarez, Victoria Kent e Jesús Pousa Rodríguez (Expte. nº 2022040924) na seguinte orde decrecente:

Nº	EMPRESA	TOTAL
1	Petrolam Infraestructuras SL	92,10

Segundo.- Requirir a Petrolam Infraestructuras SL, titular do NIF B32304115, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel no que reciba o requerimento,





# Concello de **OURENSE**

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza de San Martiño, nº 2 -1

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333

e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

a documentación acreditativa de ter depositado na Tesourería municipal a garantía definitiva, por importe de 5% do prezo ofertado, IVE excluído (323.052,96 €) en calquera das formas previstas no artigo 108 da Lei 9/2017, de contratos do sector público (LCSP), e para que en idéntico prazo achegue a documentación que establece o artigo 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, acreditativa do cumprimento dos requisitos previos aos que alude o artigo 140 da LCSP".

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

